



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2019/8

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, XOVES 20 DE XUÑO DE 2019 -

No día de hoxe, ás 10:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA (ALCALDE)

ASISTEN:

PSOE

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

MONICA VILELA VILELA

TANIA ROMERO GARCIA

MANUEL CARAMES LOPEZ

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCEIRO

PP

SANDRA VILELA RIVEIRO

JAVIER LEMA SUAREZ

SOFIA LOPEZ SIMON

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da Acta da sesión anterior
2. PROPOSTA CREACION XGL
3. PROPOSTA COMISIONS INFORMATIVAS
4. DAR CONTA DE DECRETOS DE NOMEAMENTOS E DELEGACIONES
5. PERIODICIDADE SESIONS PLENARIAS
6. PROPOSTA ASISTENCIA ORGANOS COLEXIADOS
7. PROPOSTA SOBRE DEDICACIONES EXCLUSIVAS
8. PROPOSTA REPRESENTACION ORGANOS COLEXIADOS
9. DAR CONTA FORMACION GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS
10. RATIFICACION DECRETO DE ALCALDIA PISTA ACCESO AO PARADOR

1.-APROBACION ACTA SESION ANTERIOR.

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.-PROPOSTA CREACION XGL



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr. Alcalde explica brevemente o contido da proposta de creación da Xunta de Goberno Local.

O pleno, sen xerarse debate e por unanimidade, acorda aprobar a proposta referida recollida a continuación:

Que a Xunta de Goberno Local celebre sesión ordinaria os venres cada quince días, ás 20.15 h. No caso de que o día sinalado coincida con festivo celebrárase a sesión o día inmediato hábil anterior.

Que a Xunta de Goberno Local estea integrada, ademais de polo Alcalde, por Dna Mónica Vilela, Dna Irma García e Dna Tania Romero.

A primeira sesión da Xunta de Goberno Local celebrárase o vindeiro 5 de xullo 2019.

3.-PROPOSTA COMISIONS INFORMATIVAS

O Sr. Alcalde manifesta: "A información e transparencia é sempre positiva e crear estas comisións vai nese sentido. Manteremos as existentes, sendo a proporción dos seus membros de 4 concelleiros do PSOE, 2 do PP e 1 do BNG.

Sen xerarse debate e por unanimidade dos 11 membros presentes, o pleno acorda crear as seguintes comisións informativas permanentes:

Comisión Xeral-Control, sendo os seus integrantes:

-PSOE: Dna Tania Romero García, Manuel Caramés López, Javier Romar Alvarellos, Olalla Benlloch Lema

Suplentes: Santiago M. Toba Campaña, Mónica Vilela Vilela, Irma Lucía García Barcia

-PP: Sofía López Simón, Javier Lema Suárez

Suplentes: Sandra Vilela Riveiro

-BNG: Carlos Fernández Concheiro

Comisión de Urbanismo, integrados por:

-PSOE: Dna Tania Romero García, Manuel Caramés López, Javier Romar Alvarellos, Olalla Benlloch Lema

Suplentes: Santiago M. Toba Campaña, Mónica Vilela Vilela, Irma Lucía García Barcia

-PP: Sandra Vilela Riveiro, Sofía López Simón.

Suplentes: Javier Lema Suárez

-BNG: Carlos Fernández Concheiro



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Comisión de Contas-Facenda, integrados por:

-PSOE: Dna Tania Romero García, Manuel Caramés López, Javier Romar Alvarelos, Olalla Benlloch Lema

Suplentes: Santiago M. Toba Campaña, Mónica Vilela Vilela, Irma Lucía García Barcia

-PP: Sandra Vilela Riveiro, Javier Lema Suárez

Suplente: Sofía López Simón

-BNG: Carlos Fernández Concheiro

4.-DAR CONTA DE DECRETOS DE NOMEAMENTOS E DELEGACIONES

O Pleno queda enterado do Decreto de Alcaldía de 18 de xuño 2019 sobre nomeamento de Tenentes de Alcalde, concellerías delegadas e competencias delegadas.

5-PERIODICIDADE SESIONS PLENARIAS

O Sr. Alcalde explica a proposta de Alcaldía neste punto.

Inicia do debate Dna. Sandra Vilela: "É o que marca a Lei, pero esperamos que se cumpra porque é nos plenos onde a oposición nos podemos facer oír."

D. Carlos Fernández intervéñ a continuación: "Non sería conveniente cambiar o mes de decembro polas datas nas que tocaría a sesión?"

O Sr. Alcalde contesta que cree que a proposta é adecuada.

Sometido o asunto a votación, polos votos a favor dos 7 concelleiros/as do PSOE, e 3 do PP, e a abstención do Sr. Fernández Concheiro, o pleno acorda que a periodicidade das sesións ordinarias do pleno sexa cada tres meses, os últimos venres do mes de marzo, xuño, setembro e decembro, ás 20:30 horas.

6.-PROPOSTA ASISTENCIA ORGANOS COLEXIADOS (PLENO 20/06/2019)

Sen xerarse debate, a proposta de alcaldía ao respecto deste punto recollida a continuación queda aprobada por unanimidade:

-60€ por asistencia a pleno e Xunta de Goberno local.

-50€ por asistencia a Comisións informativas

-30€ por asistencia a consellos escolares.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

7.-PROPOSTA SOBRE DEDICACIONES EXCLUSIVAS

O Sr. Alcalde intervén: "Para o debido funcionamento do concello, e así llo propuxen aos veciños na campaña electoral, propoño (o Sr. alcalde explica brevemente o contido da proposta).

Abre o debate Dna. Sandra Vilela: "Coa dedicación como Alcalde non temos problema, entendemos que ten se dedica como Alcalde do Concello ten que ter soldo. Respecto á dedicación de Mónica e Irma xa dixemos na lexislatura anterior que non cremos que sexa positiva.

Moita xente se nos queixa da actuación de Irma. Non é nada persoal pero chégamos comentarios da xente que non está contenta. Sobre Mónica aínda non podemos xulgar o seu traballo, esperemos que sexa positivo. Non houbo nunca dúas dedicacións exclusivas máis a do Alcalde. Votaremos en contra polo dito."

No seu turno D. Carlos Fernández manifesta: "Votarei en contra só porque me parece que nun concello como este de menos de 5.000 habitantes, 3 dedicacións non son razoables."

Intervén a continuación o Sr. Alcalde: "3 dedicacións nun concello de menos de 5000 habitantes cunha boa situación económica non é irrazonable. No seu momento gobernando o PSOE co BNG neste concello había algo similar cunha situación económica pésima.

Respecto á intervención do PP non vou a ser eu quen califique ás persoas de forma individual, pero os veciños si que o fan nas eleccións e a súa calificación debe ser positiva cando fomos ratificados nelas. Valoro por elo moi positivamente o traballo de Irma nestes anos."

Volve a intervir Dna. Sandra Vilela: "Xustificar 3 dedicacións só porque hai diñeiro non me parece ben. Se hai diñeiro pode invertirse noutras cousas. O que me di de Irma foi o mesmo que me dixo Félix no seu día cando votamos en contra da súa dedicación. Debedes de pensar mellor porque perdestedes 600 votos."

O Sr. Alcalde contesta: "Parto dun argumento de que creo 3 dedicacións exclusivas porque temos unha economía boa e eu non dixen iso.

En cando aos votos do PSOE plantexa vostede se ten que seguir aí porque non foi capaz de subir do número de concelleiros sequera. Non me de leccións sobre os meus concelleiros /as, coñézoos porque forman parte do meu equipo, respaldado pola xente e os votos."



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Dna. Sandra Vilela solicita permiso para volver a intervir, que non lle é concedido pola Alcaldía.

O Sr. Alcalde somete a votación a proposta obxecto da Orde do Día, e o pleno, por 7 votos a favor dos concelleiros do PSOE, e 4 en contra dos integrantes do PP (3) e BNG (1), acorda aprobar a seguinte proposta de alcaldía:

1.- Determinar que os seguintes cargos realicen as súas funcións en réxime de Dedicación exclusiva total:

Alcaldía, D Santiago Toba Campaña.

Dna Mónica Vilela Vilela, concelleira delegada de Cultura e Educación

Dna Irma Lucía García Barcia, Concelleira delegada de Servizos Sociais e emprego.

2.-Establecer para o Sr Alcalde D. Santiago M Toba Campaña, a retribución de 3030€ brutos/mensuais, que percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e dúas correspondentes ós meses de xuño e decembro, dándolle de alta no réxime xeral da Seguridade social, debendo o concello de asumir o pago das cuotas empresarias que correspondan.

3.- Establecer para Dna Mónica Vilela Vilela e para Dna Irma L García Barcia, a retribución de 1600€ brutos/mensuais, que percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e dúas correspondentes ós meses de xuño e decembro, dándolles de alta no réxime xeral da Seguridade social, debendo o concello de asumir o pago das cuotas empresarias que correspondan.

4.- Declarar a compatibilidade de Dna Irma Garcia Barcia para realizar actividade privada, que terá que exercer fóra do horario dedicado ao Concello, por entender que non se impide nin menoscaba o cumprimento dos deberes como concelleira delegada.

8.-PROPOSTA REPRESENTACION ORGANOS COLEXIADOS

Sen producirse debate e por unanimidade, o pleno acorda nomear representantes en órganos colexiados segundo proposta de Alcaldía a continuación recollida:

Mancomunidade

Titulares: Santiago Toba Campaña

Manuel Caramés López

Suplentes: Irma García Barcia

Mónica Vilela Vilela



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Consellos Escolares

IES de Muxía: Titular: Olalla Benlloch Lema

Suplente: Manuel Caramés López

CEIP de Muxía: Titular: Olalla Benlloch Lema

Suplente: Javier Romar Alvarellos

CEIP de Vilarmide: Titular: Manuel Caramés López

Suplente: Javier Romar Alvarellos

CEIP de Os Muíños: Titular: Javier Romar Alvarellos

Suplente: Manuel Caramés López

Consortio Servizos Sociais: Titular: Irma García Barcia

Suplente: Santiago Toba Campaña

Comisión de Patrimonio: Titular: Mónica Vilela Vilela

Suplente: Santiago M. Toba Campaña

Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR).

Titular: Santiago Toba Campaña

Suplente: Olalla Benlloch Lema

Grupo de Acción Costeira (GAC)

Titular: Santiago M. Toba Campaña

Suplente: Olalla Benlloch Lema

9.-DAR CONTA FORMACION GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS

A Secretaria explica que presentaron escrito comunicando a formación de grupo e voceiro/a destes polas 3 formacións concurrentes ás eleccións: PSOE, PP e BNG.

Respecto a este último explica que segundo a Lei de R. Local Galega, ao non ter logrado un mínimo de 2 concelleiros esixidos por dita Lei para formar grupo, tería que integrarse no grupo mixto.

O pleno queda enterado dos grupos municipais constituídos.

10.-RATIFICACION DECRETO DE ALCALDIA PISTA ACCESO AO PARADOR

A petición do Alcalde a Secretaria explica que o pleno, en sesión de 15 de marzo adoptou acordo de agrupación-segregación das fincas adquiridas para a pista de acceso ao Parador de Turismo, e que unha vez solucionados en catastro os trámites ao respecto procede a súa inscrición rexistral,



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

para o que é preciso inventariar as fincas tal como constaban en dito acordo e en catastro.

Tendo en conta que TURESPAÑA (Paradores) tiña interese en que eses trámites rexistráis se fixesen o antes posible e que non había posibilidade de facer máis plenos por motivo das eleccións, o Sr. Alcalde ditou Resolución de incorporación ao inventario de bens dos terreos mencionados, sendo preciso a súa ratificación plenaria.

Sen xerarse debate e por unanimidade dos 11 concelleiros que o forman, o pleno acorda ratificar en todo o seu contido o Decreto de Alcaldía de 11 de xuño de 2019, polo que se inscriben no inventario de bens municipal as parcelas 9201 (ben de dominio público), 836 (ben de propios-patrimonial) e 837 (ben de propios-patrimonial) todas elas do polígono 24.

Ás 10:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, mércores 3 de xullo de 2019

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña